

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 8:41:05

**SAIDA 3060/19**

Secretaría Xeral Técnica  
Consellería de Cultura e Turismo  
Edificios administrativos - San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

Reclamante: [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 5/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de xaneiro de 2019, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia adopta o seguinte acordo:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] presentou reclamación contra a desestimación por silencio da súa solicitude á Consellería de Cultura e Turismo, de obtención de copia de toda a documentación que obre no expediente de denuncia administrativa presentada pola Asociación en data de 8 de agosto de 2017.

**Segundo.** Con data 8 de xaneiro de 2019, déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Cultura e Turismo, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** A recepción da solicitude pola Consellería foi o 15 de xaneiro de 2019, e con data do 25 de xaneiro de 2019, a Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Apoio Normativo da referida Consellería remite informe e copia do expediente solicitado. No informe, en síntese manifesta o seguinte:

A solicitude ten por obxecto a obtención de copia da documentación correspondente aos expedientes xerados con motivo de denuncia formulada pola entidade solicitante en data



08.08.2017 sobre obras e actividades na explotación mineira D. Isidro, nas proximidades da Cova de Eirós, no termo municipal de Triacastela.

Por problemas de implantación de procedementos informáticos internos, o escrito tivo entrada no Servizo de Vixilancia e Inspección en data do 10 de decembro de 2018. Por parte da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural informouse á entidade solicitante con data do 21 de decembro de 2018, da apertura de trámite de audiencia de conformidade co disposto nos artigos 15.1 da Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016. Unha vez analizada a solicitude e ao non producirse alegacións no trámite seguido, con data do 29 de xaneiro de 2019 ditouse resolución de concesión do acceso á información solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a solicitude se presentou con data do 5 de novembro de 2018 e a interesada presentou a reclamación con data do 2 de xaneiro de 2019, sen que nesa data se tivera ditado resolución expresa, debe admitirse a reclamación presentada por estar presentada en prazo.

### Quinto. Análise do expediente

A Consellería de Cultura e Turismo no informe remitido xustifica que a resolución de acceso non se ditou en prazo por problemas de implantación dunha nova aplicación informática de rexistro, e unha vez recibida a solicitude na unidade competente para a súa tramitación, e dado que a información solicitada incluía datos relativos á comisión de infraccións administrativas, abriuse un trámite de audiencia de conformidade co disposto no artigo 15.1 da Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, con suspensión do prazo para resolver. Unha vez finalizado o trámite de audiencia, resolveu expresamente sobre o acceso.

Ao terse, de forma xustificada, concedido o acceso á información solicitada con posterioridade á data de presentación da reclamación pola entidade interesada ante a Comisión da Transparencia, procede a estimación, por motivos formais, da reclamación presentada.



### ACORDA

**Único:** Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] contra a falla de contestación en prazo, da súa solicitude de obtención de copia da documentación do expediente de denuncia administrativa presentada en data de 8 de agosto de 2017 pola referida Asociación.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga